

TEMA 10

A **poesía** de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos **80** e dos **90**. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.

Poesía de
Preguerra

VS.

Poesía actual
(dos 80 á
actualidade)

Social

Diversidade
temática

CONTEXTO DESTAS DÉCADAS

1975 - Morte de Franco e cambio político fundamental

Transición á democracia tras 40 anos de prohibicións

└─ Constitución e Estatuto de Autonomía ─┐

Oficialidade do galego

O galego na educación

Gran impulso para a literatura

+editoriais

+premios

+revistas

**Poesía actual
(dos 80 á
actualidade)**

**Aumento de editoriais
especializadas en poesía**

Colectivos poéticos

Achegar a poesía ao público
(recitais en pubs, concertos,
locais xuvenís)

Poetas dos 80

Poetas dos 90


A XERACIÓN DOS 80



Seraogna de
Alfonso Pexegueiro

O cambio iníciase coas obras:

Cambio dunha poesía
social-crítica a unha
estética




*Con pólvora e
magnolias* de Ferrín

A XERACIÓN DOS 80

COLECTIVOS DE POESÍA

Rompente (Vigo, 1975)



Antón Reixa, Alberto Avendaño, Manuel Romón ou Alfonso Pexegueiro

A XERACIÓN DOS 80

COLECTIVOS DE POESÍA

Cravo Fondo (Santiago, 1977)

O manifesto remata coa consigna: "*Por Galicia, pola poesía, Cravo Fondo, verba nova para unha terra ceibe*".

Ramiro Fonte, Xesús Rábade, Xesús Valcárcel, Helena Villar, Feiz Vergara

CARACTERÍSTICAS DOS 80

CULTURALISMO

Omnipresenza de referencias míticas, históricas, literarias e/ou artísticas nun poema.

Personaxes do cine, do cómic, mitos clásicos grecolationos ou referencias á musica...

“Diante da Compostela doutros días”, en Con pólvora e magnolias.

Digo cecais

Con cecais boca de nada

Digo ónde

Estades agora tempos

Docísimamente de antano calo e digo

Por acaso **Helena** ou **María**

Balteira

CARACTERÍSTICAS DOS 80

VARIEDADE TEMÁTICA

- Invocación da Terra: paradisíaca e apocalíptica.
- Cántase o paraíso perdido da Galicia que nalgún momento da historia existiu e foi real

En Seraogna hai pegadas de traballo:
Pegadas que o carro
Repite camiño do campo, da casa,
E as zocas cravan
Nas pedras e no barro.

Alfonso Pexegueiro: Seraogna

CARACTERÍSTICAS DOS 80

VARIEDADE TEMÁTICA

Meditación sobre a morte e o tempo que pasa irremediabilmente

Tópico do *ubi sunt*?

Infancia como patria perdida do home

“Ourens”, en *O fin dun canto*

poño a man sobre a arma de desistir, alapeante,
e súpeto un ventiño que aloumiña
como as luvas de mamai cando volta do cine pola noite,
e todo o intre paira na tarde sen final
porque o neno camiña entre os repolos de onda apoza
e a finca está a piques de reventarme o fígado
de amala e de evocala corno fago
nos horizontes incendiarios da lembranza da miña patria perdida.

CARACTERÍSTICAS DOS 80

VARIEDADE TEMÁTICA

Intimismo amoroso e o erotismo

(...) que vén e vai suspensa no vaivén
e vai e vén o corpo no vaivén
e vai e vén o verbo no vaivén.

(...) que vai que vén meneo no vaivén
e vai e vén o peito no vaivén
e vai e vén o bico no vaivén.

(...) retén pálpebra queda ante o vaivén
e vai e vén o ventre no vaivén
e vai e vén o pube no vaivén.

Verbo Carnal. Claudio Rodriguez Fer

CARACTERÍSTICAS DOS 80

VARIEDADE TEMÁTICA

Intimismo amoroso e o erotismo

A túa boca violeta laboreal e venérea
Levita polo cosmos inmensamente aberta
Manando levemente lava rosa
Na hora horizontal das cavernas da carne

A boca violenta. Claudio Rodriguez Fer

CARACTERÍSTICAS DOS 80

SIMBOLISMO E MITOLÓXÍA

- A **mazá**: símbolo amoroso-erótico ou símbolo do paradisíaco, cando o poeta lembra o pasado.
- A **cinza** igual á morte igual que as **ortigas**, o sal e as **aves de rapina**.
- A **casa** é a infancia ou o pasado do poeta cunha visión paradisíaca.
- Os **espellos** revelan o noso propio ser ou a irrealidade do real e a incerteza.
- A **praia** e a **illa** reflicten a soidade do poeta.

“O tempo da nenez”, en Os habitantes da culpa

Quixen entón regresar ao tempo

da nenez era imposíbel

regresar aqueles sitios

con recendo de mazá

e amoras negras

CARACTERÍSTICAS DOS 80

PREOCUPACIÓN ESTÉTICA

Teñen un gran rigor no **uso da lingua poética**,

Afastada do desleixo formal **do socialrealismo** anterior.

Acostuman **coidar** a métrica e a estrofa, que é xeralmente medida.

Tanto pranto contido neste vaso de agora
reborda en chafariz defel e cousa aceda.
alí os corredores en lume, as estrelas,
os ledísimos xofres inflamados, as ardentes noites
poboadas de velaíñas entrometéndose
na galería de diante do lembrado, espello
das criaturas de lapa da miña patria perdida

CARACTERÍSTICAS DOS 80

EXISTENCIALISMO

Dor e da **angustia** no intento de **recuperar** o tempo pasado.

Ás veces o poeta considérase un naufrago nunha illa (derrotado e perdido no mundo)

Cavaleiro dorido

Nas espidas praias

Da vida

Lino Braxe: “Amor do bosco”, en *Banquete*

CARACTERÍSTICAS DOS 80

INCIPIENTE POESÍA EXPERIMENTAL

Técnica: colaxe textual.

O Grupo Rompente intercala versos, anuncios comerciais, fotografías, debuxos...

Destrúen o concepto tradicional de estrofa para crearen versos sen rima con rupturas sintácticas.

A. R. Reixa

As ladillas do travesti

maxinade agora
namentras mil emisoras son posible presa dos comandos
maxinai agora a proclama
venceremos
faremos absurdo o consumo
relegaremos a utilización dos envases de dcoca cola
seremos moitos e controlaremos moitas emisoras
maxinade agora
namentras un comando armado
controla esta emisora
a soidade
escoitando a radio
a palabra cortafríos
eras o rei do mundo —pensabas— botando o cigarro despois do polvo
si
permanezan atentos
hoxe que o noso comando armado
controla esta emisora
[...]

Este texto mestura o discurso radiofónico co poético. O seu estilo dista de ser poético, no sentido estrito da palabra, xa que a linguaxe é coloquial e predomina o prosaísmo. Foi unha poesía renovadora no seu momento.

AUTORES DOS 80

Xosé María Álvarez Cáccamo.

Praia das furnas; Arquitecturas de cinza; Prego de cargos; Os cadernos da ira

Miguel Anxo Fernán-Vello.

Entre água e fogo. Contos da terra posuída (1987), Poemas da lenta nudez (1994) e Capital do corpo (2004).

Ramiro Fonte

As cidades da nada (1983) e Designium (1984)

Pilar Pallarés.

*Entre lusco e fusco (1980), intimismo e social
Sétima soidade (1984), intimismo e soidade*

AUTORES DOS 80

Lois Pereiro

Poemas 1981/1991 e no 1995 Poesía de amor e enfermidade

Antón Reixa

Poemarios Silabario da turbina (1978), Viva Galicia beibe (1984), Historia do Rock and Roll (1985),

Manuel Rivas.

Libro do Entroido (1979), Anisia e outras sombras (1981), Balada nas praias do Oeste e en 1987 Mohicania

Ana Romaní.

Palabra de mar (1987), Das últimas mareas (1994) e Arden (1998)

Nada que ver coa posesión.
Non te posúo nin quero.
Cóidote, ámote e manteño a esperanza
de aprenderche a te posuíres.

Xela Arias

Vide.

Convíдовos ó espectáculo de non ser para ser de todo.
Vide que vos convido
a vos ver.
Ven que te reto
a te ver a ti desde ti en ti.

Xela Arias

E coa palabra
recuperar os camiños
pórlle nome ao labirinto,
navegalo.

Ana Romaní

Manuel Forcadela

Maldición da poesía

Isólito este oficio de unir vellas palabras
E, mesmo procurando ser fiel ao seu enigma,
Sentencias ir urdindo en trama luminosa
Sen outra melodía de fondo que a falacia,
Mentira, como todo, embuste, falsidade.

Maldita poesía, oh dama de aluguer
Que a todos condecoras
De insignias e medallas, prestixios e bandeiras,
Oh puta delincuente, ti, lixo das consciencias
Residuo reciclado da linguaxe.

Lois Pereiro

Poderíano escoller como epitafio

Cúspideme enriba cando pasedes
por diante do lugar no que eu repouse
enviándome unha húmida mensaxe
de vida, de furia necesaria.

A XERACIÓN DOS 90

Eclosión de numerosas voces novas e de colectivos

Ronseltz



Batallón literario da Costa da Morte



Sete Naos

CARACTERÍSTICAS DOS 90

LINGUAXE DIRECTA E COLOQUIAL

Sempre cuidada

Con narratividade e coloquialismo (pretos á oralidade)

Dialectalismos e vulgarismo (procuran esponteneidade)

Thunder Road

Deixa
que os motores
ruxan salvaxes
imos xuntos
queimar
a madrugada
esnifar
unhas cantas raias
da estrada
a tope
a arrasar
nena
a arrasar
que o día de maña
din que nunca existiu
e ti tes uns ollos azuis
e flipantes
e eu un burato de medo
no medio da chapa do peito
que se cadra ti
esta noite
es quen de encher
agora
corpo a corpo
antes de que oxiden
as horas e a vida
sexa
fume de tubo de escape
unha derrapaxe
en falso
na seguinte curva

O protagonista masculino amosa unha pose de malote e unha grande ansiedade por gozar intensamente da vida, aínda que sexa por medio da velocidade, do consumo de drogas e do sexo, co risco de matarse na estrada.

Repárese no léxico coloquial, da xiria xuvenil relacionado co lecer nocturno: “queimar a madrugada”, “esnifar unhas cantas raias”, “a tope cos malotes de sempre”, “a arrasar / nena / a arrasar”, “flipantes”.

CARACTERÍSTICAS DOS 90

RUPTURA DAS BARREIRAS ENTRE XÉNEROS

Coñecida como: INTERTEXTUALIDADE

Mestura de elementos poéticos, teatrais, narrativos e doutras artes (cine, performances, videocreación...

Setembro foi o noso mes de vendima no Ribeiro:

Ernesto, Félix e eu, tres mozos no val dos octoxenários,
fixemos-lle o viño á Nieves de Viete, a 5 mil ptas. o día,
e mais ao Benito, o vello do marcapasos de ouro:

Vendimar, carregar, machucar, encher os pipotes.

E á noite en cas Carmiña ouvíamos historias da Guerra
—o día que agochou unha pistola no peito—, contos
do lobo e as palabras eue, puzo, caravel, ántese.

Logo conseguimos traballo en Beade, nas viñas dos Rei,
indianos: traballo durísimo nas cepas e historias
de Venezuela, de máfias políticas e risos á hora do xantar.
O nome da adega era Socalcos, industria familiar.

Mentres acarrexo as uvas ao tractor, gosto de escoitar
as vendimadoras –rapazas novas con sucre na lingua-
falando da perruquería, dos segredos do sexo,
ou de se eu debo ser algo tímido, porque falo pouco.

De súpeto, un día descubres que o máximo esforzo
che duplicou o músculo. Pensas: os meus brazos
semellan doutro. Vas beber á fonte, se non mira o patrón.
Dás en pensar: Cales serán as porcentaxes de mocidade en paro?

Acaba a vendima, deixo Ourense, volto ás casa
de meus pais, á cidade, á Biblioteca, ao bus urbano,
ao paro, á contemplación. Pasan os meses. Mesmo
vou a un concurso da TV. Recupero os brazos de antes.

O poema ten unha gran dose de **narratividade**. A voz lírica conta que traballou na vendima no Ribeiro e en Beade, onde viviu experiencias enriquecedoras, escoitou historias, etc., que contrastan coa súa cotidianidade na cidade onde vive.

Sechu Sende *Eue*

CARACTERÍSTICAS DOS 90

Lupe Gómez

O amor

O amor foi
un trallazo moi forte
que rompeu
a ventá. E quedou rota
para sempre. Eu limpei
do chan
os cristais. Corteime
con eles
en tódolos dedos.

INTIMISMO E VERSOLIBRISMO

Expresión de vivencias persoais

Estamos ante un poema que sinala que o amor e a dor van sempre unidos. Tamén podemos interpretalo como un poema de desamor.

CARACTERÍSTICAS DOS 90

TRATAMENTO ANOVADO DE TEMAS ETERNOS

Amor, morte, vida, etc

INTRODUÇÃO DE TEMAS SOCIO-POLÍTICOS

Temas actuais: antimilitarismo, ecoloxismo, feminismo, identidade galega, etc

Apáñese un mercante petroleiro
Dos que pasan por cerca da Marola
Argállese un pitosfio que nin diola
Que faga alucinar o mundo enteiro,

Bótese un delegado pintureiro,
Acálense xornais e caixa tola,
Procúrese esquecer dar pé con bóla,
entréguese ós leóns un conselleiro.

Engádanse uns bistés de boi de palla,
salfírase de soberbia incompetente,
en ver de dar razóns, sáquese a tralla.

Móntese un show mediático imponente,
ignórese o clamor, míntase a esgalla,
desprécese o país e a súa xente.

Cózase todo
no mesmo pote:
lacón con grelos
de chapapote.

Gonzalo Navaza: Suplemento Redes Escarlata. Receita do «pote gallego».

CARACTERÍSTICAS DOS 90

RELECTURA DA TRADICIÓN MÍTICA E LITERARIA EN CHAVE FEMINISTA

Declara o oráculo:

QUE á banda de solpor é mar de mortos

Inceta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.

QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.

QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.

QUE un sumario de xerfa polos cons

Así falou Penélope:

Existe a maxia e pode ser de todos.

¿a que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR

Xohana Torres: *Tempo de ría*

Declara o oráculo:

QUE á banda de solpor é mar de mortos

Inceta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas.

QUE cor malva se decide o acio.

QUE acadas disas patrias a vindima.

QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.

QUE un sumario de xerfa polos cons

Así falou Penélope:

Existe a maxia e pode ser de todos.

¿a que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR

Xohana Torres: *Tempo de ría*

Vocabulario:

- **Oráculo:** afirmación, sentenza tallante, infalible ou de grande
- **Embaten:** de embater, golpear fortemente o mar contra as
- **Xerfa:** superficie escumosa que se estende no mar inmediato á costa, producida polo bater das ondas contra as rochas.
- **Cons:** penedos en forma de punta que no mar quedan ao descuberto cando baixa a marea.
- **Novelo:** por nobelo, bóla de fío enrolada ordenadamente.

AUTORAS DOS 90

Un dos fenómenos máis sobranceiros foi a aparición dun significativo número de **voces femininas**.

Olga Novo

A teta sobre o sol (1996), *Nós nus* (1997) e *A cousa vermella* (2004).

Céntrase na experiencia erótica como gozo e no corpo como lugar de autoafirmación

Yolanda Castaño.

Elevar as pálpebras (1995) e *Erofanía* (2009).

Marta Dacosta.

Crear o mar en Compostela (1993), *Pel de ameixa* (1995) e *Acuática alma* (2011).

María do Cebreiro

Nós, as inadaptadas (2002), *Non queres que o poema te coñeza* (2004) ou *o Cuarto de outono* (2008).

Chus Pato, Marica Campo, Emma Couceiro, María do Cebreiro, Helena de Carlos, Lupe Gómez, María Lado ou Eva Veiga

Carmen Blanco

Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo)

A miña nai.

A meu pai.

Pensa en que pensa Penélope Pensadora
e tensa o tear como o navío
Vai abandonar a casa de altos teitos
e a patria terra Ítaca
para realizar unha longa viaxe
con Ulises
Quere coñecer o mar e a terra
sen outro teito que o ceo
como coñece a casa
e Ítaca
Prosegue na súa incansable teima
de vivir

Lupe Gómez

Enfoque teórico

A muller é
un cristal
atravesado por
unha patria.

Parto

A miña infancia
na miña aldea
foi un parto
que me rompeu
a cabeza.

POESÍA ERÓTICA

Coa intelixencia, agora.

Non coas mans.

A loita ás veces gáñase na mente.

As mulleres escriben.

O poema ten corpo.

O amor non ten medida.

Ninguén falou de amor neste poema.

María do Cebreiro|

a teta sobre o sol

aquilo era a maduración final de toda a miña lava
e a entoación rotunda dos meus cantos de nena
a absoluta forza coa que tiraba polo carro
recibindo o alento dos beizos da outra vaca.

bailar en maio exactamente igual que se rebentaras uvas
deixarte alimentar beber coma quen vive
o leite derradeiro
saíndo dunha teta disposta sobre o sol.

Olga Novo, *A teta sobre o sol*, 1996.

Fran Alonso

Vigo desde aquí parece Nova York.
Coma nas películas dos sábados.
E sorrime, desde enfronte, cinicamente,
fermosa e activa, a cidade das miñas
penas,
a piques de engulirme.
Atrás queda o mar de Cangas,
varréndolle os sonhos ao meu home,
que dorme.
O mesmo mar sempre é distinto a cada
instante
a cada ollo.

Miro Villar

Os que non aman nen saben d'amor
descoñecen tamén a algarabía
de asasinar un himen, fechoría
que percorrerche o corpo na calor.

na fogaxe que chega a ser ardor
e escarvadura unánime do día,
adulterando en louca de alegría
a rotura que súpeto foi dor.

Perecedoira que é a virxindade
sen ter certificado documento
e somente co límite da idade,

nin sequera unha escolla do momento
vai garantir ter máis felicidade
nin facer incorrupto o pensamento.

POETAS DO SÉCULO XXI

- Diversificación temática.
- Conviven con autores consagrados.
- Novas antoloxías: No seu despregar (2016) ou Dentes para a mazá (2018).
- Oriana Méndez, Daniel Salgado, Xiana Arias, Berta Dávila, Antía Otero, Rosalía Fernández Rial, Gonzalo Hermo.

Como nunca cambiei a cor do pelo
chamádesme Natural
– *se nunca decidín tunearme*
só foi pola falta de cartos –

Antía Otero

Escribín o teu nome sobre a primeira liña
coa miña caligrafía imperfecta

Gustoume facerme dona de ti
-como a man que aperta o pan-
trazarte ao meu xeito.

Eu, que fora prisioneira tantas veces,
que tantas veces ensaiara as vogais do teu nome
sobre as pautas da escola,
no papel observei as grafías que te designan,
que xa non recoñezo fóra da vertixe.

Berta Dávila

Recoñecémonos na dor:

Non foi fácil ir ás festas.

Á volta pasabamos días

e noites enteiras atadas

ás patas das camas.

Non eramos lobas

pero tiñamos fame.

Xiana Arias Rego



Berta Dávila



Xiana Arias



Daniel Salgado



Oriana Méndez



Antía Otero

Análise em **parellas** ou em **grupos**
de tres de poemas de autoras e
autores dos 80 e dos 90



Poetas dos 80

pp. (417-419)

Ramiro Fonte	Exercicio 1 e 2
Pilar Pallarés	Exercicio 1
Lois Pereiro	Exercicio 1
Eva Veiga	Exercicio 1 e 2 Explicar valor dos seguintes símbolos: - <i>Estatuas</i> - <i>O sol e o inverno</i> - <i>A luz</i> - <i>A casa</i>
Xavier Seoane	- Exercicio 1 e 2

Poetas dos 90

pp. (417-423)

Olga Novo

Actividade 2

Carlos Negro

Actividades 1, 2 e 3

Olalla Cociña

Actividade 1
Explica o significado das seguintes metáforas:
- “non es sinónimo do meu nome”
- “compartimos o berce dos sonhos que sonharemos”
- “delimitadora de ningún espazo obrigatorio” e
“un vagón onde ningún asento está ocupado”

Sechu Sende

Actividade 3

Poetas dos 80

Ramiro Fonte

1. Poderíase clasificar este texto como “metapoético”? Por que?

Ollando unha fotografía autor fai unha evocación da súa infancia: a lectura que fai o seu pai dun texto de Rosalía (seguramente “Adiós ríos, adiós fontes”) esperta a súa vocación como poeta.

2. Que elementos destacan na evocación que contén o poema?

- ❑ O calendario un ano dos sesenta,
- ❑ Escena sinxela, familiar:
 - A mesa recollida, ó acabar de xantar, todos xuntos, dispostos a falar
 - Un volume de coiro
 - O pai le a Rosalía

Pilar Pallarés

1. “Nunca tiven amigos” é un poema intimista e desgarrado. Resume os sentimentos e sensacións que expresa.

A soidade, a inexistencia da amizade verdadeira, a carencia de amor, o desexo dun afecto cálido

Lois Pereiro

1. Os tres textos de Lois Pereiro teñen un motivo temático común. Cal é?

A morte.

Eva Veiga

1. Esta composición está dedicada pola autora á súa nai, morta. Que ideas expresa?

A idea principal é que mesmo despois da desaparición física de nai e filla, o amor que as une permanecerá.

Eva Veiga

2. En que corrente poética a inserirías?

É un poema de amor filial, intimista.

Eva Veiga

- As **estatuas** simbolizan a imaxe que das persoas fica cando xa morreron, o van intento de perpetuar a memoria dunha existencia.
- O **sol** e o **inverno** simbolizan as ledicias e as mágoas sucesivas da vida.
- A **luz** representa o intenso amor que une filla e nai e que sobrevivirá ao paso do tempo e á morte.
- A **casa** é tamén un símbolo dese amor, o ámbito que o acolle.

XAVIER SEOANE

1. Que valor estilístico atesoura a colocación das formas verbais exhortativas no comezo dos versos?

A invocación para implicar a quen fai a lectura no propio poema.

2. Cal é a concepción da vida que transmite o poema?

É unha concepción positiva, optimista, vitalista da existencia. A natureza é un templo de vida, que debemos celebrar. Nela e por ela vivimos, por iso os elementos que a conforman: *árbores, sol, horizonte, urogalo, folla, herba, pole, ar, astros*, son *ese treme mundo noso* que nos emociona.

Poetas dos 90

Olga Novo

2. Cal dirías que é o seu tema?

Un retrato esquemático do carácter da muller campesiña, afeita á vida dura (fame, frío), conscientedas penurias pasadas polos devanceiros e dona dunha identidade que se esforza en transmitir (“tocando o tambor do tempo”) sen deixar por iso de coñecer e aprender outros xeitos de vida (“voume de min a vós e de vós a min”).

CARLOS NEGRO

1. Intenta caracterizar o eu poético de cada unha destas dúas composicións de Carlos Negro:quen é?, como é?, como pensa?

- No primeiro texto, o *protagonista masculino* amosa unha **pose de malote** e unha grande **ansiedade por gozar intensamente da vida**, aínda que sexa por medio da velocidade, do consumo de drogas e do sexo, co risco de matarse na estrada.

No segundo, a protagonista é **unha rapaza adolescente** que **procura a súa identidade** rebelándose contra a súa infancia e contra determinadas convencións sociais. Para iso adopta unha estética “gótica”, usa piercings e procura exercer en todo momento o espírito crítico con todo o que a rodea.

2. Repara no vocabulario que se emprega. A que campos lexicais pertence?

No **primeiro poema** emprégase un **vocabulario relacionado co mundo dos automóbiles**: “motores”, “queimar”, “estrada”, “chapa”, “oxiden”, “ tubo de escape”, “derrapaxe”, “curva”. Tamén aparece léxico da xiria xuvenil relacionado **co lecer nocturno**: “ queimar a madrugada”, “esnifar unhas cantas raias”, “a tope cos malotes de sempre”, “ a arrasar / nena / a arrasar”, “flipantes”.

- **No segundo** predominan os obxectos que remiten para un ámbito de intimidade persoal, como prendas de roupa (pixama, xerseis, vestido...), fotografías, o pintauñas, os piercings, as paredes do cuarto...

3. Que funcionalidade ten, ao teu ver, o emprego do inglés nos títulos?

Ten a ver con que é o idioma no que se expresa boa parte da música pop, dos videoxogos, dos filmes e da propaganda comercial que inciden directamente sobre a mocidade na nosa sociedade de consumo. Como idioma, aparece así **asociado á modernidade** e a un **presunto universalismo**.

OLALLA COCIÑA

1. En que tendencia poética clasificarías este texto? Por que?

Dentro da poesía intimista e amorosa. Porque expresa a concepción que preside a súa relación de afecto con outra persoa.

2. Achega a túa interpretación das metáforas que encerra.

- **“non es sinónimo do meu nome”** marca a individualidade dos membros da parella.

“compartimos o berce dos sonhos que soñaremos” fai referencia á vida en común que se quer ter, a felicidade que van procurar xuntos.

“delimitadora de ningún espazo obrigatorio” e **“un vagón onde ningún asento está ocupado”** insiste na idea dunha relación libre, espontánea e non condicionada, que ofrece o engado da novidade, do nunca antes experimentado.

Sechu Sende

3. Hai algún elemento de crítica social no poema? E de carácter reivindicativo?

- Hai unha **crítica** do **desemprego xuvenil** e **reinvidicación** das **actividades comunais tradicionais**, que favorecen a integración grupal, o intercambio xeracional.